



**ALEGACIÓN DA CENTRAL SINDICAL INDEPENDIENTE DE FUNCIONARIOS (CSI-F)
A INTEGRACIÓN DO PERSOAL VETERINARIO ADSCRITO A CONSELLERÍA DO MAR
NO ACORDO APLICABLE ÓS VETERINARIOS DA CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
E ÓS DA CONSELLERÍA DE SANIDADE,**

A modificación substancial das condicións de traballo, debería pasar pola Mesa Xeral de Empregados Públicos, dado que se trata dun novo acordo, e non unha simple adaptación do convenio asinado para MEDIO RURAL E SAUDE PUBLICA.

A situación de falta de persoal no noso servizo, (que abrangue soamente 22 persoas, fronte a mais de douscentos veterinarios que posúe MEDIO RURAL), a complexidade do réxime de quendas proposta, o ámbito autonómico do noso servizo, e a problemática das gardas de localización dado o ámbito de actuación, farían necesario tramitar un novo acordo que recollera todas estas premissas e particularidades do Servizo de Inspección e Control dos Recursos, ao cal pertencemos.

Ante o acordo proposto precipitadamente, sen consulta previa aos interesados, nin sequera ser oído o persoal implicado, presentamos unha alternativa viable que poida recoller o esencial do convenio, que é a de dispoñer de efectivos ante unha actuación urxente dentro do SISTEMA DE ALERTA VETERINARIA.

ANEXO

RÉXIME DE PRESTACIÓN DOS SERVIZOS VETERINARIOS OFICIAIS NA CONSELLERÍA DO MAR

I.- Obxecto e ámbito de aplicación

E obxecto deste acordo definir a organización para a prestación efectiva dos servizos veterinarios oficiais da consellería do mar(en adiante servizos veterinarios), fora dos horarios habituais a través do “ Sistema de Atención Continuada e de Alerta Veterinaria”. Este sistema aplicarase ao Servizo de Inspección e Control dos Recursos(en adiante SICOR), do que dependen funcionalmente todos os efectivos con funcións inspectoras afectados por este acordo.

II.- Tipos de actuacións efectivas realizadas fora dos horarios habituais

As actuacións efectivas serían NON PROGRAMABLES:

2/ Dentro das actuacións efectivas non programables á súa vez podemos diferenciar:

a1) Aquelas nas que o feito que as motiva sucede de xeito imprevisto fóra do horario habitual de traballo.

⑩ **Alertas establecidas oficialmente no Sistema de Atención Continuada e de Alerta Veterinaria.**

III.- Organización para a prestación de servizos fora do horario habitual

Actuacións Non Programables

b.1 Prolongación-adaptación horaria

b.1.1/ Cando dentro do horario habitual sucedan circunstancias imprevistas cuxa resolución a criterio do/a veterinario/a actuante, resulte inaprazable pro razón de salvagarda da saúde pública ou sanidade animal acuícola ou da seguridade na cadea alimentaria, e que por iso requiren da prolongación da xornada fóra do horario habitual do/a funcionario/a, o/a veterinario/a actuante deberá informar das circunstancias ao/á Xefe do SICOR quen recebará os datos precisos para autorizar a prolongación horaria.

b.1.2/ O/A Xefe do SICOR, por iniciativa propia, ante a constatación de circunstancias imprevistas cuxa resolución, resulte inaprazable por razón de saúde pública ou sanidade animal acuícola ou da seguridade na cadea alimentaria, poderá ordenar, directamente ou a través do Xefe de Sección de Seguridade alimentaria e Sanidade Animal, que persoal veterinario incluído no Sistema de Alerta Veterinaria, realice de forma voluntaria actuacións directas.

b.2 Quendas de localización

b.2.1/ Para o persoal integrado no Sistema de Alerta Veterinaria, establécense dous tipos de quendas de localización dentro do “Servizo de Alerta Veterinaria Continuada” deseñado para atender as incidencias relacionadas co control oficial en materia da protección da saúde pública, sanidade animal acuícola ou da seguridade na cadea alimentaria, que poidan suceder fora dos horarios habituais de persoal veterinario:

Quendas de tarde: Desenvólvense de luns a xoves coa seguinte banda horaria; dende as 15:15 hs. ata as 20hs. En días festivos sería de 10 hs a 20 hs. en días festivos.

Quendas de fin de semana: Desenvólvense dende o venres ate o domingo. O venres iría en horario de 15:15 hs ata 20 hs e os sábados e domingos en horario de 10 hs as 20 hs.

No caso que xurdira unha actuación nun día determinado, e ao día seguinte fora día laboral, as horas de traballo feitas serían compensadas ao día seguinte, para poder minimizar calquera risco laboral, por cansazo acumulado.

b2.2/ No sistema de Alerta Veterinaria o/a Xefe/a de Sección de Seguridade Alimentaria e Sanidade Animal e o/a Xefe/a do SICOR estarán obrigados á realización de servizos de apoio en funcións de coordinación durante as tarde, os fins de semana e festivos. Se as circunstancias

sobrevidas o fan necesario, ou ben tras solicitude do veterinario actuante, a Xefatura de Servizo/ Sección poderá considerar a súa participación directa na actuación.

b2.3/ Os/As veterinarios/as permanecerán localizado a través de teléfonos móbiles postos a súa disposición pola administración, onde recibirán as notificacións de incidencias canalizadas a través da propia estrutura dos SSVVOO.

b2.5/ Tendo en conta os efectivos existentes, o número de veterinarios/as para asumir as quendas de localización no ámbito da comunidade autónoma, dentro do “Servizo de Alerta Veterinaria Continuada”, en circunstancias normais estimase en dous para toda a comunidade autónoma.

b2.6/ Para cubrir as necesidades do “Servizo de Alerta veterinaria Continuada”, asignáselle a cada Veterinario de Inspección pesqueira un total anual de 5 quendas de localización de tardes e outras 5 de fins de semana.

b.2.7/ O cadrante de quendas asignadas ao persoal veterinario será aprobado polo/a Xefe/a do SICOR, e comunicado con antelación aos inspectores actuantes, correspondendo a lo menos unha quenda por trimestre.

A remuneración das actuacións NON PROGRAMABLES será a seguinte:

22 euros/ hora (mínimo se contabilizarán 3 horas por saída), nas actuacións de tarde de luns a xoves e de venres a domingo.

O inspector ao rematar a actuación ao día seguinte laboral entregará a acta e a notificación do numero de horas empregados na actuación, que serán contabilizadas incluíndo o desprazamento de ida e volta ao lugar de inspección, dende o lugar de traballo.

Santiago de Compostela, 9 de xuño do 2017

VICESECRETARÍA XERAL DA CONSELLERÍA DO MAR

SAN CAETANO S/N 15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA